

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA QUINCE DE DECEMBRO DE 2009, CON CARÁCTER ORDINARIO.**

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente acctal	D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ
Tenentes de Alcalde:	D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE
	D ^a . LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
	D ^a . ANA BELÉN PICÓN COTOS
Escusa asistencia	D. ODÓN C. COBAS GARCÍA
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e dez minutos do día quince de decembro de dous mil nove, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ó inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior


Dáse conta da acta da sesión celebrada o vinte e catro de novembro do ano que andamos, que é aprobada por unanimidade

2º.- Instancias de obras de particulares

2.1.- Instancia num. 2006/09 de dona Pura Seoane Albela

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Mamede de Ribadulla, solicita licenza para a rehabilitación interior de alboio, consistente no pintado de paredes e colocación de plaqueta, situado en Feal, en solo de núcleo rural (N-1) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación nin afectarán á estrutura da mesma. Ademais en cumprimento do artigo 3 do Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ó nomeamento do coordinador de seguridade e saúde



Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de dezaioito euros con tres céntimos (#18,03#)

2.2.- Instancia num. 96/09 de dona Mónica Espiño Mosquera

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio na Vedra, solicita licenza para a reforma de local para actividade de compra-venda de vehículos usados, na Avda. M. M. Gómez Lorenzo, nº 32, en solo urbano, ordenanza U-1, residencial de baixa densidade en tipoloxía mixta, segundo o PXOM, de acordo co proxecto presentado redactado polo enxeñeiro técnico don Cesáreo Pose Núñez

O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para o seu remate dende a data da concesión da licenza.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: construírse de acordo co proxecto presentado e axustarase ás condicións do dictame ambiental establecidas pola Consellería de Medio Ambiente

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento das taxas e impostos municipais correspondentes, que ascenden, segundo liquidación provisional, á cantidade de mil nove euros con trinta e dous céntimos (#1.009,32#)

2.3.- Instancia num. 2001/09 de don José M^a. Alvela Fernández

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Mamede de Ribadulla, solicita licenza para a rehabilitación da súa vivenda, consistente no revoco de fachada, situada en Argunte, en solo de núcleo rural (N-1) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación nin afectarán á estrutura da mesma; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a cor a utilizar na fachada harmonizará co entorno de maneira que produza o menor impacto posible, adaptándose ás cores tradicionais da zona e de acordo co artigo 3 do Real Decreto 1627/1197, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ó nomeamento do coordinador de seguridade e saúde

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de dezaioito euros con setenta e un céntimos (#18,71#)

2.4.- Instancia num. 1.472/09 de don Emilio Canicoba Nogueiras

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, solicita licenza para a rehabilitación dun hórreo, consistente no arranxo do tellado, situado na finca de súa vivenda en Tomonde, en solo de núcleo rural (N-1) segundo o PXOM.



A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás condicións establecidas pola autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de dezaoito euros con tres céntimos (#18,03#)

2.5.- Instancia num. 1.971/09 de don Ezequiel Allut Lestón

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Santiago de Compostela, solicita licenza para a rehabilitación da igrexa parroquial de San Fins de Sales segundo memoria presentada, situada en Cornado en solo de núcleo rural (N-1) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: axustaranse ás condicións establecidas pola autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural; deberanse situar os anclaxes nas xuntas de morteiro sen danar a pedra e deberase realizar o control arqueolóxico das obras de remoción de terras de acordo co disposto no Decreto 199/1997, de 10 de outubro, polo que regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma

Asimesmo acorda concederlle a exención das taxas e impostos municipais correspondentes, por ser unha obra comunitaria de interese social

2.6.- Instancia num. 2.054/09 de don Manuel Carpinteiro Carrillo

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Mamede de Ribadulla, solicita licenza para a segregación e agrupación de parcelas, segundo o proxecto presentado redactado polo enxeñeiro técnico agrícola don Javier Bellet García, situada en Corbeixe, en solo rústico de protección agropecuaria (R-2) e solo de expansión de núcleo rural (N-2).


A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, non surtindo consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento das taxas municipais, que ascenden, á cantidade de cento vinte (#120,00#) euros

2.7.- Instancia num. 2.053/09 de don Manuel Carpinteiro Carrillo

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Mamede de Ribadulla, solicita licenza para a canalización de 50 mts de lonxitude polo dominio público, no lugar de Corbeixe.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: levaranse a cabo sen que interrompan o natural discorrer das augas, colocando un tubo de sección suficiente para permitir o paso de todas as augas; non se danará a calzada, debendo deixar o pavimento e a gábea nas mesmas condicións nas que estaba.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de dezaoito euros con tres céntimos (#18,03#)



2.8.- Instancia num. 2.01/09 de don Francisco J. Álvarez Mata

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Boiro, solicita licenza para a construción de edificación auxiliar á vivenda unifamiliar sita en Paradela, en solo de expansión de núcleo rural (N-2) segundo o PXOM, cunha ocupación máxima de todas as edificación inferior ó 40% da parcela neta e inferior ó 10% de ocupación da edificación auxiliar, de planta baixa, e un coeficiente inferior a 0,30 m² de superficie edificable baixo teito por cada m² de parcela neta, segundo o proxecto presentado redactado pola arquitecta dona Paloma Rolle Picallo cun orzamento de 11.253,21 euros

O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para o seu remate dende a data da concesión da licenza

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: construírse de acordo co proxecto presentado e en cumprimento do artigo 104 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a cor a utilizar na fachada harmonizará co entorno de maneira que produza o menor impacto posible e adaptándose ás cores tradicionais da zona

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de douscentos vinte e cinco euros con seis céntimos (#225,06#)

2.9.- Instancia num. 1.800/09 de don Arturo Penide Gálvez

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Ponte Ulla, solicita licenza para a restauración parcial de edificación situada en Vista Alegre, dentro do ámbito do Plan Especial de Protección do Núcleo de Ponte Ulla (PE-1)

Dáse conta asimesmo do informe desfavorable da Comisión Territorial do Patrimonio Histórico, debendo contemplarse calquera novo emprazamento da escaleira dentro dunha proposta de rehabilitación completa, que estableza un uso determinado do inmovible e a distribución de espazos que dela se derive, na que se deberá ademais integrar axeitadamente a lareira existente

A Xunta de Goberno, á vista do informe do técnico municipal, acorda denegar a licenza solicitada polos motivos sinalados no informe da Comisión Territorial do Patrimonio Histórico

2.10.- Corrección licenza num. 98/09

A Xunta de Goberno en sesión ordinaria celebrada o día 24 de novembro do ano que andamos concedeulle licenza a dona Cristina Rizo Liñares para a construción dunha vivenda unifamiliar en Trasariz de Arriba -Vedra (licenza num. 98/09)

Á vista do informe emitido polo técnico redactor do proxecto, don Orleando Ledo Araujo, a Xunta de Goberno acorda modificar a licenza concedida, debendo figurar na ubicación da vivenda Trasariz -San Fins de Sales.

3º.- Acordo, se procede, sobre concesión de licenza para a instalación de compra-venda de vehículos usados en Vedra



Visto o expediente instruído a instancia de Mónica Espiño Mosquera, segundo solicitude núm. 97/08, con domicilio no número 32 do lugar de Avda. M. M. Gómez (Vedra), para instalación de *compra-venda de vehículos usados* no número 32 do lugar de Avda. M. M. Gómez (Vedra) e

RESULTANDO: Que admitido a trámite, procedeuse a realizar información pública co resultado que consta, incorporando os preceptivos informes técnicos e o da Corporación Municipal.

RESULTANDO: Que elevado ó Servizo de Calidade Ambiental da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, este organismo, con data 14 de agosto de 2009, *cualifica a actividade como MOLESTA e dende o punto de vista ambiental condicionase a súa instalación ó cumprimento dos seguintes requisitos: Tódolos residuos producidos pola actividade deberán ser entregados a xestor autorizado* 3.4. *-Deberá cumprilo establecido na Lei 7/1997 de protección contra a contaminación acústica, no seu Regulamento aprobado por Decreto 150/99, de 7 de maio (DOG número 100 de 27/05/99) e nas respectivas ordenanzas municipais. Tal como se establece no artigo 4º desa Lei, non se poderá iniciar a actividade ou poñer en funcionamento as instalacións en tanto que non estea comprobado, polos órganos inspectores ou mediante certificación expedida por empresas ou entidades homologadas, que se cumpre a normativa sobre contaminación acústica.*

RESULTANDO: Que o lugar de emprazamento non está en contradición coas ordenanzas e acordos municipais sobre o particular.

CONSIDERANDO: Que na tramitación deste expediente observáronse as prescricións legais.


CONSIDERANDO: Que é da competencia da Xunta de Goberno a concesión da licenza solicitada, de conformidade co disposto no art. 6º do Regulamento do 30 de novembro de 1961.

A Xunta de Goberno Local acorda a concesión provisional da licenza que se solicita, debendo cumprirse as observacións e medidas correctoras que, no seu informe, sinala o Servizo de Calidade Ambiental da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, non podendo comezar a exercer a actividade mentres non se conceda a licenza definitiva, para o que será indispensable que se levante acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, e que terá que ser favorable, achegando ó pedimento certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos termos desta licenza; debendo ingresar, previamente, en Arcas Municipais a cantidade á que ascenden as taxas regulamentarias, segundo liquidación que practicará a Intervención Municipal.

4º.- Certificacións de obras

4.1.- Certificación num. 3 da obra *Locales de exposición y graderío en el campo de la fiesta de San Miguel de Sarandón*

Dáse conta da certificación num. 3 da obra *Locales de exposición y graderío en el campo de la fiesta de San Miguel de Sarandón*, incluída no Fondo Estatal de Inversión Local 2009, e da factura num. EO0326/09 da empresa adjudicataria Obras y Viales de Galicia, S.L, por importe de trinta e catro mil cento setenta e catro euros con sesenta céntimos (#34.174,60#), sendo o director da mesma a arquitecta dona Mercedes Rosón Varela



A Xunta de Goberno acorda aprobar a certificación e máis a factura polos traballos relacionados na mesma

4.2.- Certificación num. 3 da obra *Centro de Interpretación parroquial de Vedra*

Dáse conta da certificación num. 3 e última da obra *Centro de Interpretación parroquial de Vedra*, incluída no Fondo Estatal de Inversión Local 2009, e da factura num. OCV.0016 da empresa adxudicataria Promotora Matimán, S.L, por importe de trinta e cinco mil setecentos noventa euros con corenta e dous céntimos (#35.790,42#), sendo o director da mesma o arquitecto don Fermín González Blanco

A Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobar a certificación e máis a factura polos traballos relacionados na mesma

2º.- Declarar a conformidade desta administración coa execución da mesma por parte da empresa adxudicataria e que esta desenvolveuse de conformidade co estipulado no prego de cláusulas administrativas particulares regulador e o contrato asinado entre o concello e a empresa adxudicataria.

4.3.- Certificación num. 3 da obra *Rehabilitación da estación de ferrocarril en Santa Cruz de Ribadulla*

Dáse conta da certificación num. 3 da obra *Rehabilitación da estación de ferrocarril en Santa Cruz de Ribadulla*, incluída no Fondo Estatal de Inversión Local 2009, e da factura num. OCV.0014 da empresa adxudicataria Promotora Matimán, S.L, por importe de vinte e tres mil douscentos noventa e oito euros con oitenta céntimos (#23.298,80#), sendo o director da mesma o arquitecto don Fernando Faya Martínez

A Xunta de Goberno acorda aprobar a certificación e máis a factura polos traballos relacionados na mesma

4.4.- Certificación num. Unica da obra de *Instalación de tabiquería móbil no Museo de Vedra*

Dáse conta da certificación num. única de obra *Instalación de tabiquería móbil do Museo de Vedra (código 09.3270.0053.0)*, incluída no *Plan Provincial de axuda contra a crise destinado ó financiamento dos gastos de reposición asociados ó mantemento dos servizos públicos esenciais do concello (PAC-2)*, adxudicada pola Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o día dez de novembro á empresa Promotora Matimán, S.L, por importe de trinta mil (#30.000,00#) euros, sendo o director da mesma o arquitecto don Fermín González Blanco

A Xunta de Goberno acorda aprobar a citada certificación

4.5.- Certificación num. 4 e final da obra *Locales de exposición y graderío en el campo de la fiesta de San Miguel de Sarandón*

Dáse conta da certificación num. 4 e final da obra *Locales de exposición y graderío en el campo de la fiesta de San Miguel de Sarandón*, incluída no Fondo Es-



tatal de Inversión Local 2009, e da factura num. E00345/09 da empresa adxudicataria Obras y Viales de Galicia, S.L, por importe de vinte mil quince euros con noventa e tres céntimos (#20.015,93#), sendo o director da mesma a arquitecta dona Mercedes Rosón Varela

A Xunta de Goberno acorda :

1º.- Aprobar a certificación e máis a factura polos traballos relacionados na mesma

2º.- Declarar a conformidade desta administración coa execución da mesma por parte da empresa adxudicataria e que esta desenvolveuse de conformidade co estipulado no prego de cláusulas administrativas particulares regulador e o contrato asinado entre o concello e a empresa adxudicataria.

5º.- Resolucións da Alcaldía

5.1.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e tres de novembro do ano que andamos, pola que se lle concede a praza na escola infantil municipal a dona Cristina Rizo Liñares para o seu fillo Marc Rizo Vieiro, debendo confirmar a mesma e presentar a documentación pertinente no prazo de 10 días, senón terase por decaída a solicitude

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada

5.2.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e cinco de novembro do ano que andamos, pola que se lle concede a incorporación no Programa Xantar na Casa a dona M^a. Carmen Pereira Lareo e a dona Nieves Lareo Varela

A Xunta de Goberno dáse por enterada

5.3.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data dous de decembro do ano que andamos, pola que rematada a obra de *Acondicionamento e ampliación do local social de San Pedro de Sarandón*, declárase a conformidade coa execución da mesma por parte da empresa adxudicataria e que esta desenvolveuse de conformidade co estipulado no prego de cláusulas administrativas particulares regulador e o contrato asinado entre o concello e a empresa adxudicataria

A Xunta de Goberno dáse por enterada

5.4.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data catro de decembro do ano que andamos, pola que se lle concede a praza na escola infantil municipal a don Abelardo Rendo Rial para o seu fillo Eduardo Rendo Guitián, debendo confirmar a mesma e presentar a documentación pertinente no prazo de 10 días, senón terase por decaída a solicitude

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada

6º.- Outros asuntos

Non se presentan

Conclúe ó fio das vinte e dúas horas e vinte e cinco minutos

